

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de novembro de dous mil dezaoto; as dez horas e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza, Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.  
Esta presente o Inteventor do concello, don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de novembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**AUTORIZACION POSTO VENTA AMBULANTE.-**

Visto o escrito de **Dona Sonia Millara Bildhoff**, con rexistro de entrada no concello 5372 de 16 de novembro de 2018, no que se solicita licenza de venda ambulante, esta Alcaldía, vista a documentación presentada, e de acordo co Ordenanza sobre venda Ambulante do Concello de Ribadavia, acorda concede-la licenza para venda ambulante de productos alimenticios (Froita); o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 300 euros, en concepto de taxa, de acordo coa Ordenanza Reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos ou atraccións situadas no terros de uso público e industrias nas rúas e ambulantes e rodaxe cinematográfico, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto. Deberá axustarse en todo caso, a Ordenanza fiscal reguladora da venda ambulante do Concello de Ribadavia, publicada no BOP núm. 272 de data 25.11.2008.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes escritos:

-Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación ao proxecto básico e de execución de cuberta e adaptación ambiental de vivenda unifamiliar en Camiño da Portalaxe 17, Francelos.

-Autorización para a execución de muro de contención e reposición da acera e servizos afectados en dominio público hidráulico e zona de policía do regato Maquiáns na rúa Carballiño.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº15/18.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº15/18, por importe de 38.646,80 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de agosto 2018, por importe de 2.746,60 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de setembro 2018, por importe de 2.244 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

3.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de outubro 2018, por importe de 1.212,10 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

### **Subvencións a entidades para mantemento de campos de fútbol 2018.**

Visto o escrito presentado por dona Sonia Giraldo Manso con número de rexistro de entrada no concello 5113 de 31 de outubro de 2018 , en calidade de secretaria do Ribeiro do Avia Club de Fútbol, relativo a notificación sobre resolución definitiva da convocatoria de subvencións para o mantemento de campos de fútbol.

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 15/11/2018 no que se indica :

“ Non se pode admitir a factura xustificativa presentada ( Ranking SL, importe 449,99€) ao non axustarse ao recollido nas bases da convocatoria...  
Polo que procede o pagamento da cantidade xustificada correctamente , cumprindo as bases da convocatoria:

RIBEIRO DO AVIA F.C

1028,50 euros.”

O citado informe incorpórase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e copia do mesmo dárase traslado ao interesado.

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

Abonar a Ribeiro do Avia FC a contía de 1028,50 euros en concepto de subvención a entidades para mantemento de campos de fútbol 2018 correspondente a cantidade xustificada correctamente.

#### **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2019.-**

Vistas as Bases do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servicios Municipais 2019, publicadas no BOP núm. 258 de data 09.11.2018, a Xunta de Goberno Local, en exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2015, por unanimidade dos asistentes adopta os seguintes acordos:

1º.- Solicitar a inclusion no Plan Provincial como obra principal a denominada ""ACONDICIONAMENTO ENTORNO IGREXA DE SAN XES (RUA ALDEA), FRANCELOS", obra cun orzamento estimado de 48.000 euros.

2º.- Solicitar a inclusión no Plan Provincial como obra adicional a denominada "HUMANIZACION DA PRAZA DAS BANQUETAS ", obra cun orzamento estimado de 48.000 euros.

3º.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Ourense.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá, ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**